



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA, PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA ESPECÍFICO DE APOIOS INDIVIDUALIZADOS PARA PERSOAS CON TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA NA TOMA DE DECISIÓNS PARA O EXERCICIO 2024

Lugar e data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Dona María José Álvarez Folgar, presidenta da Fundación Autismo Coruña, con DNI 36053985J, que actúa en nome e representación da entidade co NIF G15681919 de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto no artigo 12.a dos seus estatutos, como recolle a acta nº 79 da reunión do padroado de data 13/01/2023.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.





II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que a Fundación Autismo Coruña é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como misión ofrecer apoios tutelares e servizos especializados ás persoas con autismo e as súas familias co fin de asegurar a súa calidade de vida. Ten como visión ser a fundación tutelar de referencia dirixida ás persoas con autismo cuxa capacidade xurídica foi modificada por decisión xudicial, mediante a prestación a estas persoas de apoio personalizado e a calidade e especialización dos seus servizos.

A Entidade foi constituída en escritura pública outorgada na Coruña, o día 4 de febreiro de 1999, clasificada como organización de Interese Benéfico – Asistencial pola Orde do 13 de abril de 1999. Declarada de Interese Galego, segundo a Orde do 24 de maio de 1999. Actualmente está baixo o protectorado da Consellería de Política Social e Igualdade. Así mesmo figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1194.

Os valores desta entidade son a flexibilidade nos servizos que presta, mediante a adaptación a cada persoa que solicita apoio; participación, xa que fomenta a colaboración de todo o equipo da Fundación para ofrecer o mellor servizo; positividade, que se materializa con entusiasmo e actitude positiva no desenvolvemento do traballo; individualización e respecto, mediante a análise de cada caso considerando as súas características distintivas; calidade, mediante a prestación dun servizo adecuado ás necesidades de cada persoa e da súa familia ao longo de toda a súa vida e afecto, para que as persoas usuarias e as súas familias se sintan arroupadas pola Fundación.

V. As persoas con discapacidade son titulares de dereitos fundamentais, pero moitas veces, non poden exercelos de maneira plena debido ás limitacións que afectan á súa





capacidade na toma de decisións e na súa autonomía. Con frecuencia, necesitan apoio complementario para exercer os seus dereitos e cumprir coas súas obrigacións. As familias son o principal soporte, aínda que non sempre poden asumir este rol, ou algunhas persoas con discapacidade non contan cunha rede familiar, quedando nunha situación de vulnerabilidade e desprotección. Por iso, requírense figuras que lles ofrezan determinados apoios para acceder a recursos e tomar decisións fundamentais para o seu benestar.

En resposta a esta necesidade, a Fundación Autismo Coruña desenvolve un proxecto de intervención de apoio das persoas con Trastorno do Espectro Autista (en adiante TEA) na toma de decisións para o exercicio da súa capacidade xurídica. O proxecto, promove unha atención centrada na persoa, brindando os apoios necesarios para mellorar a súa calidade de vida, defender os seus dereitos e fomentar a súa autonomía persoal. Así mesmo, busca orientar e apoiar as súas familias, respectando sempre a vontade e as preferencias da persoa con TEA.

Por iso, a Fundación Autismo Coruña traballa de maneira individualizada, situando a cada persoa no centro da intervención, respectando os seus desexos e preferencias, e exercendo as medidas xudiciais de apoio necesarias para asegurar a protección dos seus dereitos e a súa inclusión plena na sociedade.

A Fundación Autismo Galicia, entidade de apoio na toma de decisións, vela polas persoas con TEA que poidan ter comprometida a súa capacidade para decidir.

V. Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade subscribir un convenio de colaboración coa entidade Fundación Autismo Coruña para contribuír ao financiamento dun programa de "Apoios individualizados para persoas con TEA na toma de decisións" durante o ano 2024, co obxectivo de mellorar a súa autonomía persoal, a súa calidade de vida e favorecer a súa integración social e laboral na sociedade galega. A curatela é unha medida formal de apoio que se aplica a quen precise o apoio de modo continuado. A súa extensión vén determinada na correspondente resolución xudicial en harmonía coa situación e circunstancias da persoa con TEA e coas súas necesidades de apoio. A Fundación Autismo Coruña exerce as súas funcións de representación mediante a figura formal denominada curatela con funcións representativas





VI. A Fundación Autismo Coruña, é a única que desenvolve especificamente dentro do seu ámbito de actuación este programa especializado destinado ás persoas con autismo e ás súas familias. Polo obxecto e pola especificidade considérase que este programa presenta un carácter de exclusividade que unido ao feito de que a Entidade sexa a única que dispón das infraestruturas e persoal axeitado para o seu desenvolvemento dificultan a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características do programa que se vai financiar por razón do colectivo ao que vai dirixido, e por outra, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Por todo o exposto as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo un programa específico de apoios individualizados para persoas con TEA na toma de decisións durante o ano 2024, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento mediante o outorgamento dunha subvención de carácter directo por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, dun programa específico de apoios individualizados na toma de decisións, que a Fundación Autismo Coruña ten previsto desenvolver durante o ano 2024 dirixidas ás persoas con TEA.





Para poder levar a cabo as accións dende a entidade conta cunha traballadora social, unha asesora xurídica e persoal administrativo.

A traballadora social é a profesional de referencia. Encárgase de proporcionar atención directa e un seguimento continuo e individualizado ás persoas apoiadas en todos os ámbitos da súa vida.

A asesora xurídica, encárgase dos aspectos legais das persoas apoiadas, así como do asesoramento persoal e individualizado ás demandas específicas presentadas por familias e curadores, co obxectivo de garantir as mellores condicións para o futuro das persoas con TEA.

O persoal administrativo é responsable das actividades relacionadas coa correcta xestión económica das persoas que reciben apoio. Isto implica non só a organización e mantemento de documentos, senón tamén a supervisión dos recursos financeiros. Contribúe ao bo funcionamento da entidade e ao benestar das persoas apoiadas, asegurando que todas as súas necesidades se atenden de forma adecuada e oportuna.

As accións a realizar divídense en tres contextos:

a) Curatela:

1º. Ámbito persoal, que inclúe accións como:

- Visitas e acompañamento periódico, intervindo nas actividades desenvolvidas e fomentando a súa integración, tendo unha figura de referencia persoal.
- Manter e conservar os vínculos afectivos coas súas familias e/ou coas persoas do seu entorno próximo.
- Realizar o seguimento da súa situación social, persoal e sanitaria.
- Velar pola máxima calidade de vida das persoas que necesitan o apoio da curatela tanto se residen en domicilio coma se están ingresados en centros residenciais.
- Tramitación do ingreso en centros residenciais cando xa non sexa posible que continúe no domicilio.
- Tramitar os recursos sociais, prestacións económicas e socio-sanitarias que poidan precisar.





- Acompañamento e seguimento en revisións médicas ou ingresos hospitalarios.
- Prover os recursos materiais que cubran as necesidades detectadas, como por exemplo o vestiario e demais obxectos persoais.
- Levar un rexistro onde se fagan constar todas as actividades e actuacións que se realicen.
- En caso de falecemento, tramitación dos servizos fúnebres.

2º. Ámbito patrimonial, que inclúe accións como:

- Xestión, custodia e administración dos bens mobiliarios e inmobiliarios das persoas que necesitan o apoio da curatela , actuando no seu beneficio, baixo os principios de preservación, mellora e prudencia.
- Apertura e xestión de contas bancarias, domiciliación de pagos, control de saldos, ademais da recollida, supervisión, arquivo e actualización de información referida aos movementos descritos.
- Control de ingresos e autorización de disposicións ordinarias e extraordinarias. Tamén inclúe o control de "diñeiro de peto", para que poida manexar a persoa que precisa o apoio da curatela ou a súa familia, no caso de que esta aínda resida no domicilio familiar.
- Solicitude, xestión, reactivación e cobro de todo tipo de pensións ás que a persoa que precisa o apoio da curatela teña dereito.
- Presentación e cumprimento de abono das declaracións tributarias de cada exercicio relativa aos impostos e taxas como a declaración da renda.
- Realizar inventarios de bens e rendicións de contas para a súa presentación ante as autoridades xudiciais competentes.
- Todas as disposicións que sexan precisas para a correcta e transparente xestión e administración do patrimonio da persoa que precisa o apoio da curatela.

3º. Ámbito xurídico, que inclúe accións como:

- Comparecencia no xulgado para a aceptación da curatela.





- Comparecencia no xulgado para os procedementos de aplicación e revisión de medidas de apoio.
- Solicitud de diferentes autorizacións xudiciais como internamentos, gastos extraordinarios ou aceptación de herdanza.
- Realización e presentación do inventario de bens da persoa que precisa o apoio da curatela.
- Presentación dos inventarios de bens e rendicións de contas ante as autoridades xudiciais competentes.
- Exercer a representación xurídica en todos os actos necesarios para defender os dereitos da persoa que precisa o apoio da curatela como por exemplo a testamentaría, declaración de herdeiros, contratos ou Rexistro Civil.
- Demais obrigas conforme ao establecido no artigo 287 da Lei 8/2021 pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.

b) Pre curatela:

- Acolida da familia da persoa con TEA na Fundación Autismo Coruña e valoración das necesidades de cada unha delas para o seu adecuado asesoramento.
- Derivación das familias ao Rexistro Notarial para a formalización do testamento onde conste que sexa a Fundación Autismo Coruña a entidade que preste as medidas xudiciais de apoio da persoa con TEA, cando as persoas proxenitoras falten.
- Dende que se establece a pre curatela, a Fundación Autismo Coruña realiza un seguimento individualizado e exhaustivo da familia.
- Comunicación ao xulgado, no momento do falecemento das persoas que exercían as medidas de apoio.

c) Apoio e orientación a familias en relación as medidas de apoio:

- Apoio xurídico ás familias, gardadores de feito ou curadores, nos trámites necesarios para solicitar as medidas de apoio precisas para o exercicio da capacidade xurídica das persoas con TEA cando acaden a maioría de idade.





- Apoio xurídico ás familias durante o procedemento de revisión das medidas de apoio segundo o establecido na Lei 8/2021.
- Asesoramento sobre as opcións que teñen as familias para deixar designadas no testamento as persoas que asuman as medidas de apoio cando eles falten.
- Dar información ás futuras persoas curadoras ou gardadoras de feito, sobre o cometido que dita figura de apoio supón.
- Apoio social ás familias, persoas curadoras ou gardadoras de feito, nos trámites necesarios para solicitar as distintas prestacións sociais ás que se podan acoller.
- Control e seguimento dos trámites realizados polas familias, as persoas curadoras ou gardadoras de feito.

SEGUNDA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coa descrición das actuacións do programa a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo programa e accións, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscria pola persoa representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

c) Presentación dun método de imputación de custos indirectos.

TERCEIRA. Relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins do programa e servizos a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o





desenvolvemento das accións do programa e servizos citados.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as accións que forman parte do referido programa e servizos, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

CUARTA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións do programa que ten previsto desenvolver a Fundación Autismo Coruña ascende á cantidade de 20.000 euros

Para o cumprimento das actuacións do programa e accións previstas na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **vinete mil euros (20.000,00€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria 38.04.312D.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

QUINTA. Gastos imputables

Son gastos subvencionables os que cumbran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións do programa e servizos recollidas na cláusula primeira.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o 15 de decembro de 2024.

SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das accións que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, e farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades, aportando a documentación prevista na cláusula sétima do convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa AEAT nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo a Fundación Autismo Coruña de xeito expreso, tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. *Gastos subvencionables e xustificación*

O importe da subvención destinarase a cubrir gastos correntes derivados da realización das accións que conforman o programa que se pretende subvencionar a través deste convenio, de acordo co establecido na memoria económica.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **15 de decembro de 2024**.



Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao programa subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibo da persoa provedora. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibo da persoa provedora.

Para os efectos de xustificación, a Fundación Autismo Coruña remitirá á Dirección Xeral con competencias en materia de persoas con discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade, unha vez rematada a execución das accións que comprenden o programa e xunto coa xustificación do emprego da cantidade total do importe da subvención na realización destas accións, e en todo caso, con data límite do 15 de decembro de 2024 a seguinte documentación:

- a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro-programa a subvencionar a través deste convenio.
- b) Unha certificación expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluírá a relación das facturas e xustificantes dos ditos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras cos seus NIF, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento desta xunto coa achega dos xustificantes destes gastos e a acreditación do pagamento efectivo dos mesmos, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Tendo en consideración que maioritariamente o gasto imputable é de persoal, conforme ao establecido no orzamento do programa , deberá de concretarse aos efectos da súa xustificación e referida á mensualidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

- 1º. Relación nominal dos/das traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.



2º. Recibos de salarios

3º. Documentos Relación Nominal de Traballadores (RNT) e Relación de liquidación de cotizacións (RLC), dos traballadores correspondentes ao meses imputados.

4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190)

c) Certificación expedida pola persoa representante da asociación relativa a que as achegas da Consellería de Política Social e Igualdade foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ou o reintegro das cantidades percibidas, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos a conta do Imposto sobre a renda das persoas físicas ou cotas por seguros sociais correspondentes ao exercicio 2024, liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, ou documento equivalente, no que se reflecta o importe da retención ou cotización devindicadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2025.

NOVENA. Subcontratación

A Fundación Autismo Coruña é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución total ou parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 50 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, para a súa debida execución, de acordo co recollido na memoria económica. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actuacións programadas.

A subcontratación terá por obxecto, entre outras, a execución das accións correspondentes ao programa de apoios específicos individualizados na toma de





decisións, dirixidos ás persoas con TEA que a Fundación Autismo Coruña ten previsto desenvolver durante o ano 2024.

A Fundación Autismo Coruña, no seu caso, comunicará a subcontratación á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA. *Obrigas da entidade beneficiaria*

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos e accións que comprenden o programa obxecto da subvención, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial do importe da axuda, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante o órgano concedinte o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización das accións e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedinte, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle ao órgano concedinte a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se





coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións do programa e servizos obxecto da concesión da subvención a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade ", co seu respectivo logotipo.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións.*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das accións que forman parte do programa que se pretende subvencionar a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

Entenderase incumplida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola entidade beneficiaria se inclúsen gastos que no respondesen ás accións





que forman parte do programa subvencionado, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das accións que conforman o programa obxecto do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Non obstante, as accións subvencionadas a través do presente convenio que realízase a Fundación Autismo Coruña dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro, coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas da publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será





obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración, no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das accións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co



disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Fundación Autismo Coruña, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes así como as súas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.





A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fose expresa, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer

Directamente poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade





co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano as dúas comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Igualdade

A presidenta da Fundación Autismo
Coruña

Fabiola García Martínez

María José Álvarez Folgar

